

CIRCULAR 6/2006 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN ÁS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA PARA O CURSO 2006/2007.

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria establece no artigo 2º que as Escolas Oficiais de Idiomas rexeranse por ese regulamento ademais das normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais publicou a Circular 9/2004 na que se estableceron unhas instrucións que se adaptaban ás propias peculiaridades das Escolas Oficiais de Idiomas.

Na situación actual, o sistema educativo está pendente de experimentar importantes modificacións que afectarán ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Isto aconsella que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emita unicamente instrucións básicas para atender as demandas que se veñen facendo en relación a admisión do alumnado.

En consecuencia, esta Dirección Xeral

DISPÓN

I Condicións xerais de acceso

1. Segundo establece a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 04/05/06), na disposición transitoria duodécima da Lei, para acceder ás ensinanzas de idiomas será requisito imprescindible ter completado os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria.
2. O alumnado que dispoña de coñecementos previos do idioma poderá incorporarse a un curso superior a primeiro sempre que acredite os coñecementos precisos, de acordo co disposto na normativa para o efecto.

3. Preinscrición

Naqueles idiomas que a dirección da escola o considere necesario abrirense dous prazos de preinscrición para o alumnado que desexe solicitar praza no primeiro curso por primeira vez e que se fará público con anterioridade.

3.1. O primeiro prazo de preinscrición entre o 26 de xuño e o 14 de xullo

3.2. O segundo prazo de preinscrición entre o 1 e o 15 de setembro.

3.3. Finalizado o período de preinscrición, e no caso de que a solicitude de prazas supere á oferta, o consello escolar da EOI realizará un sorteo público do que resultará un número de preinscrición a partir do cal se concederán as prazas vacantes ao alumnado preinscrito.

4. O alumnado con baixa de oficio por non incorporarse no último curso escolar, así como aquel que tendo perdido o dereito a avaliación continua, non se tivese presentado a ningunha convocatoria só poderá obter praza no caso de que, ao finalizar o proceso de adxudicación, quedasen vacantes.

5. Probas de nivel

Aquel alumnado que desexe optar a un curso distinto de primeiro deberá realizar unha proba de nivel para o que deberá inscribirse nas datas establecidas para tal efecto.

5.1. No caso de que a EOI teña establecidos procedementos de preinscrición, aquel alumnado que desexe optar a un curso distinto de primeiro mediante proba de nivel, deberá preinscribirse como alumno novo e inscribirse na dita proba.

5.2. A inscrición deberá formalizarse entre o 1 e o 8 de setembro.

II Matrícula

6. Durante o período de matrícula o alumnado deberá ser informado, polo menos, de que as datas de celebración das probas parciais de febreiro e finais de xuño poderán realizarse en día e hora diferentes aos adxudicados na matrícula.

7. Prazos de matrícula:

Establécense dous períodos de matrícula nas datas e na orde de preferencia do alumnado que de seguido se sinalan.

**CALENDARIO DE ACCESO E MATRÍCULA DAS EOI PARA O CURSO 2006/2007
EN IDIOMAS SEN PREINSCRICIÓN**

1º PRAZO	
26 DE XUÑO -14 DE XULLO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS OFICIAIS PRESENCIAIS EN XUÑO 2006 • ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES (QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006) • ALUMNADO DE “THAT’S ENGLISH!” (QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006)

2º PRAZO	
1-8 SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • MATRÍCULA PROBA DE NIVEL
1-15 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS OFICIAIS PRESENCIAS EN XUÑO QUE NON SE MATRICULASE NO 1º PRAZO • ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES (QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006) • ALUMNADO DE “THAT’S ENGLISH!” (QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006)
11-19 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS E NON APTOS OFICIAIS SETEMBRO • ALUMNADO PROCEDENTE DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS • ALUMNADO PROCEDENTE DE “THAT’S ENGLISH!”
18-21 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • ALUMNADO PROCEDENTE DE PROBA DE NIVEL • ALUMNADO PROCEDENTE DO ENSINO LIBRE • ANTIGOS ALUMNOS • TRASLADOS DE MATRÍCULA • DE ACCESO DIRECTO • ALUMNADO CON RENUNCIA DE MATRÍCULA NO CURSO 2005/6
22-28 SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • MATRÍCULA DE NOVO ALUMNADO E OUTROS

**CALENDARIO DE ACCESO E MATRÍCULA DAS EOI PARA O CURSO 2006/2007
QUE ESTABLEZAN PREINSCRICIÓN**

1º PRAZO	
26 DE XUÑO -14 DE XULLO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS OFICIAIS PRESENCIAIS EN XUÑO 2006 • ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES (QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006) • ALUMNADO DE “THAT’S ENGLISH!”(QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2006)
26 DE XUÑO -14 DE XULLO	1º PRAZO PREINSCRICIÓN (aquele alumnado dos idiomas con preinscrición deberá aterse ao contemplado nas condicións xerais de admisión)

2º PRAZO	
1-8 SETEMBRO	MATRÍCULA PROBA DE NIVEL (CON PREINSCRICIÓN)
1-15 SETEMBRO	2º PRAZO PREINSCRICIÓN (aquele alumnado dos idiomas con preinscrición deberá aterse ao contemplado nas condicións xerais de admisión)
1-15 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS OFICIAIS PRESENCIAS EN XUÑO (QUE NON SE MATRICULASEN NO 1º PRAZO) • ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES (QUE SUPERE CICLO EN XUÑO 2006) • ALUMNADO DE “THAT’S ENGLISH!” (QUE SUPERE CICLO EN XUÑO 2006)
11-19 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • APTOS E NON APTOS OFICIAIS SETEMBRO • ALUMNADO PROCEDENTE DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS • ALUMNADO PROCEDENTE DE “THAT’S ENGLISH!”
18-21 SETEMBRO	MATRÍCULA: <ul style="list-style-type: none"> • ALUMNADO PROCEDENTE DE PROBA DE NIVEL, • ALUMNADO PROCEDENTE DO ENSINO LIBRE, • ANTIGOS ALUMNOS, • TRASLADOS DE MATRÍCULA • DE ACCESO DIRECTO • ALUMNADO CON RENUNCIA DE MATRÍCULA NO CURSO 2005/6
21 SETEMBRO	SORTEO E PUBLICACIÓN DO LISTADO DO ALUMNADO PREINSCRITO QUE PODE FORMALIZAR MATRÍCULA
22-28 SETEMBRO	MATRÍCULA DE NOVO ALUMNADO (aquele alumnado dos idiomas con preinscrición deberá aterse ao contemplado nas condicións xerais de admisión)

8 Rematado o proceso de admisión e se houberse vacantes, poderá matricularse:

8.1. No mesmo idioma e curso, alumnado que tendo perdido o dereito á avaliación continua non se tivese presentado ás convocatorias dese último curso escolar.

8.2. No mesmo idioma, alumnado con baixa de oficio, por non incorporación no último curso escolar.

9. Prazo de matrícula extraordinaria

O alumnado que non se matricule no prazo establecido para o grupo que lle corresponda, poderá facelo nos prazos establecidos para os grupos posteriores, se quedasen prazos dispoñibles.

10. No caso do “español para estranxeiros”, a admisión de alumnado rexerese pola normativa específica que se estableza para esas ensinanzas.

11. Anulación da matrícula

Antes do 30 de abril, o alumnado poderá solicitar á dirección da EOI a anulación da matrícula quedando á discreción da dirección.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2006
O director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez